



| Guía Docente          |  |                    |   |
|-----------------------|--|--------------------|---|
| Datos Identificativos |  |                    | 2015/16                                       |
| Asignatura (*)        | Fontes de datos estatísticos e indicadores para o estudio das migracións   | Código             | 615472108                                     |
| Titulación            | Mestrado Universitario en Migracións Internacionais: Investigación, Políticas Migratorias e Mediación Intercultural  |                    |   |
| Descriptores          |  |                    |   |
| Ciclo                 | Período  | Curso              | Tipo  |
| Mestrado Oficial      | 1º cuatrimestre  | Primeiro           | Obrigatoria                                   |
| Idioma                | Galego   |                    |   |
| Modalidade docente    | Presencial   |                    |   |
| Prerrequisitos        |  |                    |   |
| Departamento          | Socioloxía e Ciencia Política da Administración  |                    |   |
| Coordinación          | Perez Carames, Antia   | Correo electrónico | antia.perez@udc.es                            |
| Profesorado           | Cano Ruiz, Esther<br>Perez Carames, Antia  | Correo electrónico | esther.cano.ruiz@udc.es<br>antia.perez@udc.es |
| Web                   | www.esomi.es   |                    |   |
| Descripción xeral     | Na materia -Fontes de datos estatísticos e indicadores para o estudio das migracións- iniciarase aos estudiantes no manexo das principais fontes estatísticas dispoñibles en España e na UE para a análise dos movementos migratorios internacionais. Describiranse os principais conceptos que rodean ás fontes e á produción de información estatística e ensinarase o manexo das principais fontes de datos a través de prácticas no laboratorio. |                    |   |

| Competencias do título |   |
|------------------------|---|
| Código                 | Competencias do título  |
| A1                     | Comprender os límites epistemolóxicos do estudio das migracións internacionais e a natureza esencialmente política que sostén a definición e identificación do fenómeno migratorio.   |
| A3                     | Relativizar e valorar o impacto das migracións internacionais nas sociedades de orixe e destino en función do cambio social que xeran, dos intereses en xogo, e da construcción social das identidades culturais  |
| A5                     | Comprender os argumentos filosóficos e xurídicos tras as distintas perspectivas sobre as migracións internacionais e as problemáticas sociais que xeran.  |
| A6                     | Dominar as principais fontes de documentación estatística e bibliográfica que lle permita manterse informado e iniciar e programar estudos exploratorios sobre temáticas relacionadas coas migracións internacionais  |
| A7                     | Coñecer as virtudes e as limitacións das principais fontes e indicadores estatísticos para a descripción dos movementos migratorios en distintos contextos territoriais e na súa evolución temporal   |
| A8                     | Comprender o potencial das distintas técnicas de investigación social para o estudio das migracións internacionais así como os condicionamentos deontolóxicos profesionais.   |
| A9                     | Manexar os conceptos fundamentais no estudio das migracións internacionais  |
| B1                     | Posuir e comprender coñecementos que acheguen unha base ou oportunidade de ser orixinais no desenvolvemento e/ou aplicación de ideas, a miúdo nun contexto de investigación   |
| B2                     | Que os estudiantes saibam aplicar os coñecementos adquiridos e a súa capacidade de resolución de problemas en ámbitos novos ou pouco coñecidos dentro de contextos más amplos (ou multidisciplinares) relacionados coa súa área de estudio  |
| B3                     | Que os estudiantes sexan capaces de integrar coñecementos e confrontarse á complexidade de formular xuízos a partir dunha información que, sendo incompleta ou limitada, inclúa reflexións sobre as responsabilidades sociais e éticas vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos |
| B4                     | Que os estudiantes saibam comunicar as súas conclusións e os coñecementos e razóns últimas que as sustentan a públicos especializados e non especializados dun modo claro e sen ambigüidades vinculadas á aplicación dos seus coñecementos e xuízos   |
| B5                     | Que os estudiantes posúan as habilidades de aprendizaxe que lles permitan continuar estudando dun modo que haberá de ser en boa medida autodirixido ou autónomo   |
| B6                     | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse  |
| B7                     | Resolver problemas de forma efectiva  |
| B8                     | Comunicarse de xeito efectivo nun ámbito de traballo  |



|     |  |
|-----|--|
| B9  | Traballar de forma autónoma con iniciativa   |
| B10 | Traballar de forma colaboradora  |
| B11 | Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán e como profesional  |
| B12 | Capacidade para interpretar, seleccionar e valorar conceptos adquiridos noutras disciplinas do ámbito social   |
| B13 | Capacidade para a aprendizaxe de novos métodos e teorías, que doten dunha gran versatilidade para adaptarse a novas situacións   |
| B14 | Comunicar por escrito e oralmente os coñecementos procedentes da lingua e científica   |
| B15 | Capacidade para resolver problemas con iniciativa, toma de decisións, creatividade, razonamento crítico e de comunicar e transmitir coñecementos, habilidades e destrezas  |
| C1  | Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común. |
| C3  | Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrentarse.  |
| C4  | Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.   |
| C5  | Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.  |

## Resultados da aprendizaxe

| Resultados de aprendizaxe  | Competencias do título                 |  |            |
|--|--|--|------------|
| - Competencias xerais de dominio das ferramentas metodolóxicas, así como das fontes de información e das principais técnicas de análise descriptiva dos datos estatísticos en materia de migracións. | AM1<br>AM6<br>AM7<br>AM8<br>AM9        | BM2<br>BM3<br>BM4<br>BM5<br>BM6<br>BM7<br>BM12<br>BM13 | CM1        |
| - Coñecemento acerca dos conceptos e características das principais fontes estatísticas empregadas no estudio das migracións, tanto a nivel nacional como internacional.                             | AM3<br>AM5<br>AM6<br>AM7<br>AM8<br>AM9 | BM4<br>BM5<br>BM8<br>BM9<br>BM11<br>BM14<br>BM15       | CM4<br>CM5 |
| - Manexo, interpretación e análise da información extraída de diversas fontes estatísticas para o estudio do stock e os fluxos migratorios.  | AM6<br>AM7<br>AM8                      | BM1<br>BM2<br>BM15                                     |            |
| - Aprendizaxe das técnicas de representación e análise descriptiva (construcción de índices e indicadores) da información estatística (táboas, gráficos e mapas)                                     | AM6<br>AM7<br>AM8                      | BM6<br>BM9<br>BM10                                     | CM3<br>CM4 |

## Contidos

| Temas   | Subtemas  |
|---|---|
| TEMA 1. Introducción e principais conceptos en torno ás fontes estatísticas | Definición de fonte e operación estatística. Do concepto sociolóxico á definición estatisticamente medible: usos e conceptos nas fontes estatísticas. Características das fontes estatísticas: cobertura, fiabilidade, coherencia, correspondencia. As axencias oficiais de producción da información estatística. Harmonización e complementariedade das fontes estatísticas. A difusión da información estatística: busca e consulta dos datos. Principais fontes estatísticas de ámbito nacional e internacional para o estudio dos stocks e fluxos migratorios. |



|   |  |
|---|--|
| TEMA 2. A medición do fenómeno migratorio                 | Conceptos básicos: fluxos, stock, saldo migratorio. A definición das categorías estatísticas en torno ó fenómeno migratorio partindo da normativa da estranxeiría en España.   |
| TEMA 3. Fluxos migratorios                                | Conceptos, medición e fontes estatísticas dispoñibles. a Estatística de Variacións Residenciais.   |
| TEMA 4. Stocks de poboación inmigrante                    | Definición de stock. Principais variables de clasificación sociodemográfica. Censo de Poboación e Vivendas. Padrón Municipal de Habitantes.  |
| TEMA 5. Os distintos tipos de migracións e a súa medición | Migracións laborais, demandantes de asilo e refuxio, estudiantes, reagrupamento familiar. As operacións estatísticas contidas no Anuario Estatístico de Inmigración.   |
| TEMA 6. A medición das migracións irregulares             | Migracións irregulares, ilegais, non autorizadas e clandestinas. Fontes estatísticas dispoñibles e problemática en torno á medición e conceptualización. As estimacións sobre o stock de inmigrantes en situación irregular en España.   |
| TEMA 7. Análise descriptiva dos datos                     | Distribución das variables, medidas de tendencia, análise descriptiva da información. Construcción, cálculo e análise de taxas, índices e indicadores. Realización e análise de táboas de continxencia. Técnicas de representación gráfica. Introducción á representación cartográfica da información. |

## Planificación

| Metodoloxías / probas    | Competencias   | Horas presenciais | Horas non presenciais / traballo autónomo | Horas totais |
|--------------------------|--|-------------------|---|--------------|
| Sesión maxistral         | A1 A3 A5 A6 A7 A8<br>A9 B1 B2 B3 B4 B5<br>B11 B13 C1 C3 C4<br>C5 | 15                | 15  | 30           |
| Traballos tutelados      | A6 A7 A8 B6 B7 B8<br>B9 B10 B12 B13 B14<br>B15 C3 C4             | 1                 | 12  | 13           |
| Prácticas de laboratorio | A6 A7 A9 B2 B4 B5<br>B7 B8 B9 B10 B11<br>B12 B14 B15 C1          | 5                 | 0   | 5            |
| Atención personalizada   |  | 2                 | 0   | 2            |

\*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

## Metodoloxías

| Metodoloxías             | Descripción  |
|--------------------------|--|
| Sesión maxistral         | Exposición dos contidos da materia, ca axuda de TIC, e seguindo o esquema temático contemplado neste programa. A exposición incorpora elementos de participación e debate do estudiantado. No caso das persoas que cursan a modalidade online, as sesións maxistrais serán transmitidas por videoconferencia a través de internet, estando aberta a posibilidade de participación en directo nos debates que se xeneran na aula a través de comentarios na Moodle. |
| Traballos tutelados      | Realización dun trabalho de análise da información de diversas fontes estatísticas sobre a inmigración nunha Comunidade Autónoma. No caso das persoas que cursen o mestrado de forma non presencial, tras da entrega do correspondente traballo tutelado, realizaráse unha tutoría virtual na que se revisarán distintos aspectos do traballo co/a estudiante en cuestión co obxecto de garantir a identidade da persoa que entrega dito traballo.                 |
| Prácticas de laboratorio | Realización dunha práctica de folla de cálculo de consulta, tratamiento, análise e representación gráfica de información estatística sobre os movementos migratorios. Esta práctica poderá realizarse online (será colgada na Moodle) para o estudiantado que curse a modalidade online. A realización da práctica neste caso contará con asistencia da profesora a través de tutorías online.   |



## Atención personalizada

| Metodoloxías             | Descripción  |
|--------------------------|--|
| Prácticas de laboratorio | A atención personalizada nesta materia será necesaria para resolver as dúbidas xeradas nas clases, especialmente na parte de prácticas de laboratorio. Asemade, recoméndase a atención personalizada para a elaboración do trabalho de avaliación desta materia. Para o estudantado que curse a modalidade online, as tutorías serán realizadas a distancia de acordo coas ferramentas que proporciona a Moodle neste sentido. |

## Avaliación

| Metodoloxías        | Competencias   | Descripción   | Cualificación |
|---------------------|--|---|---------------|
| Traballos tutelados | A6 A7 A8 B6 B7 B8<br>B9 B10 B12 B13 B14<br>B15 C3 C4 | Realización dun traballo de análise da situación da inmigración nunha Comunidade Autónoma a través do manexo de diversas fontes estatísticas. | 100           |

## Observacións avaliación

Tal e como se indica no apartado correspondente a metodoloxías, os/as estudiantes que cursen a modalidade online deste mestrado terán unha tutoría online coa profesora tras da entrega do traballo para garantir a identidade da persoa que entrega o principal elemento de avaliação desta asignatura.

## Fontes de información

|                             |  |
|-----------------------------|--|
| Bibliografía básica         | - GARRIDO, L. (2004). Para cuantificar a los extranjeros. Madrid<br>- DOMINGO, A. e BRANCÓS COLL, I. (2000). Entre el flujo y el stock. El análisis demográfico de las migraciones internacionales y de la población de nacionalidad extranjera en España. Barcelona. CED (UAB)<br>- BILSBORROW, R.E. et alia (1997). Concepts Underlying International Migration Statistics. Xenebra. OIT<br>- BARBESINO, P. (1998). Observing Migration: The Construction of Statistics in a National Monitoring System. Londres. Palgrave Macmillan   |
| Bibliografía complementaria | - VINUESA ANGULO, J. (2007). Técnicas y ejercicios de demografía. Madrid. INE<br>- VINUESA ANGULO, J. (1994). Demografía: análisis y proyecciones. Madrid. Síntesis<br>- MASSEY, D.S. e CAPOFERRO, C. (2004). Measuring undocumented migration.<br>- POULAIN, M, et alia (2006). THESIM. Towards Harmonised European Statistics in International Migration. Lovaina: Presses Universitaires de Louvain<br>- SANDELL, R. (2006). Spain's immigration experience: lessons to be learned from looking at the statistics.<br>- SÍNDIC (2008). La gestión municipal del empadronamiento de los inmigrantes. Informe extraordinario.<br>- LEMAÎTRE, G. (2005). The comparability of international migration statistics. Problems and prospects.<br>- DELAUNAY, D. e TAPINOS, G. (1998). La mesure de la migration clandestine en Europe. Volumes I e II. París. CE<br>- DEVOLDER, D. et alia (2006). Estimación del grado de error en el registro de la población extranjera en España: un enfoque comparativo. Barcelona. CED (UAB)<br>- JANDL, M. (2004). The estimation of illegal migration in Europe. |

## Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

(\*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías